

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 9 DE MARZO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,05 horas do día 9 de marzo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D SATURNINO ABETE REDONDO (PP)

D. RAMON CARRO OTERO. (PP)

D^a. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Non asisten:

Secretario: D. JOSE ANTONIO BOUZAS NEO, Secretario accidental do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Iníciase a sesión cinco minutos de retraso, debido á comunicación telefónica recibida por parte do concelleiro do BNG D. Xesús Pena Espiña, non poñendo reparo ningunha das formacións políticas.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.02.2015.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2014 E DO INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.02.2015.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 16 de febreiro de 2015.

Sometida a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos trece membros presentes, acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 02.03.2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 06.03.2015, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido a necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- **Obras de pintado do solado da pista polideportiva do pavillón municipal de Lamiño.**

Conforme as disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recaudados sobre os totais previstos no Orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servicio. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes da minoración do crédito necesario doutras partidas do orzamento que se estiman reducibles, e na súa virtude, previo estudio das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 05/2015**, de créditos extraordinarios, financiados con cargo a anulacións ou baixas de outras partidas, por importe de **21.985,47 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	342/632.00	Obra de pintado do solado da pista polideportiva do pavillón municipal de Lamiño	21.985,47

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 21.985,47 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **0 €**.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **21.985,47 €**.

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	171/60900	15.000,00	15.000,00	0	Non se vai a executar esta obra
	920/21200	10.000,00	2.000,00	8.000,00	Adopción de medidas de aforro
	920/21600	7.000,00	2.000,00	5.000,00	A renovación da licenza do programa de contabilidade e rexistro de facturas non se vai a efectuar posto que cambiamos ao programa suministrado pola Deputación Provincial que é gratuito.
	920/224.00	20.000,00	2.000,00	18.000,00	O aforro pola baixa ofrecida na licitación dos seguros de

					responsabilidade civil e edificios do concello
	920/22201	7.000,00	985,47	6.014,53	Adopción de medidas de aforro

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención do expediente de modificación de créditos MC 05/2015, do 2 de marzo de 2015, no que se indica que a presente modificación non afectaría ao teito de gasto nin á estabilidade orzamentaria, estimando que a referida modificación de créditos debe de realizarse coa proposta e o detalle que figura na memoria da Alcaldía, informando en sentido favorable.

Polo tanto o expediente de modificación orzamentaria 05/2015 cumpre tanto co obxectivo de estabilidade orzamentaria como coa regra do gasto e co límite de gasto non financeiro.

Debate: Non se produciu. Unicamente se informou, a petición do concelleiro D. Xesús Pena Espiña, a onde pertencía cada unha das aplicacións orzamentarias que resultan afectadas pola minoración.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos, tomando igualmente coñecemento do informe de Intervención que forma parte do expediente.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2014 E DO INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2014 aprobada por resolución da alcaldía do 27 de febreiro de 2015, que transcrita di:

Examinada a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2014, formulada pola Intervención Municipal, seguindo os principios e normas recollidos na Instrución de contabilidade vixente, e con suxección ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, resolvín:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2014, que ten os seguintes resultados:

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	5.083.609,17
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.591.726,60
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)	491.882,57
4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+)	0
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)	511.009,80
6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)	296.850,83
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	706.041,54

FONDOS LÍQUIDOS		1.191.912,41
DEREITOS PENDENTES DE COBRO		350.768,40
+De orzamento corrente	18.363,75	
+De orzamentos pechados	360.723,10	
+De operacións non orzamentarias	3.509,17	
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	31.827,62	
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		293.313,08
+De orzamento corrente	80.415,91	
+De orzamentos pechados	25.553,80	
+De operacións non orzamentarias	187.343,37	
-Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	0,00	
=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL		1.249.367,73

-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		347.852,28
-EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		91.050,12
=REMANENTE DE TESOURERIA. PARA GASTOS XERAIS		810.465,33

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación.

Terceiro.- Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2014, de data 26 de febreiro de 2015, que conclúe: *A liquidación do orzamento do Concello de Brión do exercicio 2014 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, a regra do gasto e o límite de débeda.*

O Pleno queda enterado.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar que é unha satisfacción que estes sexan os números que ten o Concello de Brión, polo que dependendo como vaian as cousas, poidamos facer algo máis.

Así mesmo, rematado xa o tratamento dos diferentes asuntos da orde do día, intervén o Sr. Alcalde, para informar de que en principio éste será o último pleno no Concello de Brión, por parte da funcionaria de intervención D^a. Ana María Gómez Peña. Agradecerlle todo o traballo realizado e mostrar a satisfacción da Corporación durante os case once anos que estivo neste Concello de Brión.

Intervén o Sr. Peña Espiña do BNG, para indicar que foi unha satisfacción traballar con ela, que sempre colaborou con eles, facilitándolles toda a información que se lle solicitou, sen ningunha limitación.

Intervén tamén a Sr. Vázquez García do PP, para darlle as grazas polo trato recibido, desexándolle moita sorte a onde vaia por tratarse dunha gran persoa.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vintecinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario accidental

José Luis García García

José Antonio Bouzas Neo